



CALIFORNIA DREAMING

Unha fascinante historia da vivenda unifamiliar de baixo custo a través de dez insólitas biografías

MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUNA

Do 30 de marzo ao 4 de xuño de 2017

Manifesto

ARTS&ARCHITECTURE

Anuncio do inicio da actividade do **Case Study Houses Program**

Dado que a maioría das opinións sobre as vivendas da posguerra –di a súa presentación– non está sendo outra cosa que un conxunto de especulacións, ocorréusenos que podería ser unha boa idea para baixar á realidade, ou polo menos, para comezar a cuestionar as distintas actitudes xeneralizadas sobre as nosas necesidades propoñer un debate, levado á práctica, sobre o que, neste momento, denominamos “vivendas de posguerra”.

Convindo en que o asunto se encontra rodeado por unhas condicións sobre as que poucos de nós non temos ningún control, consideramos a posibilidade de desenvolver un punto de vista colectivo e pensar en como lograríamos chegar a un fin práctico que podería contribuír humildemente á consolidación, no noso país, dunha nova arquitectura e, con esta finalidade, anunciamos hoxe o proxecto que denominamos o **Case Study Houses Program**.

A revista comprometeuse a subministrar unha resposta na medida en que fose posible relacionar os feitos e apuntar na dirección dun resultado final. Pretendemos, dentro dos límites marcados por factores incontrolables, comezar de inmediato o estudo, planificación, deseño e construción de oito casas, cada unha pensada para solucionar unha problemática concreta na zona sur de California. Oito arquitectos de renome nacional, elixidos non só polo seu talento, senón pola súa capacidade de avaliar de maneira realista os problemas da vivenda, encargáronse de tomar unha parcela e crear unhas “boas” condicións de vida para oito familias estadounidenses. Eles terán a liberdade de elixir ou rexeitar, en función da súa calidade, os produtos que os fabricantes nacionais nos ofrecen para as necesidades de cada arquitecto no seu intento de crear vivendas contemporáneas. Somos conscientes de que coa velocidade dos cambios “contemporáneos” é concibible que cada arquitecto podería desexar cambiar de idea ou unha parte da súa idea, mentres o tempo de construción real chega e, nese caso, dentro do razoable, permitirase que o faga. (Por certo, os oito homes foron elixidos, entre outras cousas, polo razoable dun traballo mantido nun moi alto nivel de calidade). Imos tratar de organizar un plan xeral para o que vai facer falta o uso dun bo sentido, e por iso imos iniciar a resolución do problema tal como o formula o arquitecto, coa análise do lugar en relación co traballo, as condicións do barrio e as necesidades de cada familia. Cada casa será deseñada dentro dun presuposto determinado, suxeito, por suposto, aos ditados da flutuación de prezos. Un presuposto que será unha parte natural do problema, propoñendo a necesidade de traballar o máis preto posible do mesmo.

A partir da edición de febreiro da revista e durante oito meses, ou máis, cada casa fará a súa aparición cos comentarios do seu autor –as súas razóns para a súa solución e a elección dos materiais específicos que se utilizarán– sobre a base de que a súa idea se poida construír cando se levanten as restricións actuais ou tan pronto como sexa posible despois destas.

Os arquitectos non serán responsables ante ninguén, pero si ante a revista, que aparece como “cliente”. Por suposto sobreenténdese que todos haberán de ter en conta os novos materiais e as novas técnicas na construción e hai que

repetir, unha vez máis, que estes materiais serán seleccionados sobre a base dos seus méritos polos propios arquitectos, fin para o que se nos prometeu a plena cooperación dos fabricantes de produtos e aparatos, que acordaron poñer en mans dos arquitectos os resultados obtidos na súa investigación sobre os artigos que teñen a intención de ofrecer ao público. Non se intentará utilizar un material simplemente porque é novo ou complicado como tampouco descartar materiais e técnicas antigas se o seu único valor é que foron considerados en xeral como "seguros".

Cada un dos arquitectos elixidos deberá asumir a responsabilidade de deseñar unha casa suxeita ás habituais (e ás veces lamentables) restricións de construción e, unha vez construídas, as oito casas estarán abertas ao público por un período de seis a oito semanas e, posteriormente, farase unha dura avaliación para ver con canto éxito se culminou o traballo, baixo un acordo de cooperación entre o arquitecto, o deseñador e o fabricante de mobles, xa sexa como consecuencia das especificacións do arquitecto ou baixo a súa supervisión.

Este é, entón, un intento de investigar sobre os feitos (e esperamos que as cifras) de que estas casas estarán dispoñibles para o público unha vez construídas.

É importante que os mellores materiais dispoñibles se utilicen da mellor maneira posible co fin de chegar á mellor solución para cada problema, e que o programa xeral sexa o suficientemente aberto como para constituír unha axuda evidente para o estadounidense medio en busca dun fogar no que poida darse o luxo de vivir.

Dito isto, só podemos prometer os nosos maiores esforzos, en medio das confusións e contradicións con que se enfronta cada home que agora está pensando na súa casa tras a finalización da guerra.

Polo tanto, se ben o noso obxectivo é moi firme, os medios e os métodos utilizados deberán necesariamente ser suficientemente fluídos como para que o noso programa se poida acomodar a unhas concepcións e condicións cambiantes.

Esperamos, polo tanto, ser capaces de resolver algunha parte desa controversia que hoxe se impón entre os que cren nos milagres e os que están totalmente en contra deles. Para os potenciais donos desas vivendas a elección entre os históricos que esperan resolver calquera problema coa "maxia" e os que tratan de viaxar no futuro, a situación é confusa e desalentadora. Polo tanto, ocrórrenos que a única maneira na que calquera de nós pode axudar a resolvela será presentar uns problemas específicos nun programa específico e esperamos proporcionar rigorosas respostas como resultado dos nosos esforzos.

Por suposto que temos opinións que aínda non se demostraron. Empezar de novo onde quedamos hai poucos anos é algo no que francamente non cremos, tanto no referente a cambios de materiais e técnicas, a súa construción e o financiamento, coma no relacionado con factores que poidan ampliar considerablemente a definición do que queremos dicir coa palabra "casa". Canto pasará para que os inevitables cambios sociais e económicos provocados polos anos de guerra poidan afectar ao noso nivel de vida e á nosa arquitectura? Ninguén o pode dicir. Non obstante, que as ideas e as actitudes sigan cambiando en canto á necesidade e á capacidade do home para satisfacer esa necesidade, é inevitable.

Tal vez nos aferramos á concepción da casa, tal como a temos coñecido, ou tal vez pretendemos asumir que acomodarnos a un novo mundo como paso fundamental para evitar o retroceso a unha situación xa superada só depende da nosa vontade de comprender e aceptar ideas contemporáneas na creación dun contorno que se encargará da definición dun novo medio no que poidamos vivir e pensar.

Nós, por suposto, supoñemos que a forma de vida da posguerra é de primordial importancia para un gran número de estadounidenses, e esa é a nosa razón de tratar de encontrar unha resposta sobre o tema. Que a resposta teña que ser a casa "milagre" aínda está por verse, pero a nosa suposición é que, despois de que todas as "bruxas" teñan fervido o seu caldo, esa casa vai saír duns vapores xurdidos do espírito do noso tempo, utilizando, na medida do factible, moitas técnicas de guerra convertidas nas solucións máis adecuadas para a expresión da vida do home no mundo moderno.

O que o home aprendeu sobre si mesmo nos últimos cinco anos vai, estamos seguros, a expresarse na forma que el vai querer para o seu futuro aloxamento. Só unha cousa pode deter a realización dese desexo e esa é a tenacidade coa que o home se aferra ás vellas formas, porque aínda non entende o novo.

Axudalo a alcanzar os seus obxectivos convértese na obrigaón de todos os que sendo solidarios coa vontade do home de mellorar a súa calidade de vida controlamos os misterios e a "maxia negra" dos feitos concretos que interveñen na construción da "casa".

Esta pode ser a nosa meta e, ao mellor, na medida das nosas posibilidades, é posible colaborar nese esforzo. Pero este programa non se está levando a cabo co espírito do "truco da semana". Nós esperamos que sexa entendido e aceptado como un intento sincero de proporcionar unha correcta dirección para o pensamento creativo na vivenda que están realizando bos arquitectos e bos fabricantes cuxo obxectivo conxunto é unha boa vivenda.